

Os escritores galegos, bascos e cataláns advirten dos perigos da globalización para a literatura

O XIX Galeuzca desenvolveuse en Castelló de la Plana e Morella

A globalización pode impoñer os patróns da cultura dominante e producir unha literatura de consumo inmediato. Eis unha das conclusións ás que chegaron os escritores galegos, bascos e cataláns que dos días 4 a 7 de Novembro se reuniron en Castelló de la Plana e Morella na celebración do XIX Galeuzca. O recén finado poeta e presidente da Asociación de Escritores en Língua Galega, Uxío Novoneyra foi homenaxeado no encontro.

A globalización e as repercusións literarias foron o tema central de debate entre os escritores das tres nacións que concluíron en que se ben posibilita a intercomunicación e a transmisión do feito literario corre o risco de que os criterios economicistas impoñan unha literatura homoxénea de consumo. "Un perigo é a homoxeneización cultural e lingüística producida pola asimilación dos patróns da cultura dominante (o inglés e o castelán)" concluíron os escritores. Homoxeneización, tradición, globalización e uniformidade de foron, pois, algúns dos conceptos analizados nas xornadas. No meo, o debate arredor da mestizaxe que tanto agroma no tratamento das industrias culturais. Os escritores avaliaron que a mestizaxe ten un sentido dual, positivo en canto capacidade de convivencia e tolerancia pero tamén negativo na medida en que encubre un falso igualitarismo.

Do tema falou nos encontros o escritor galego Carlos L. Bernárdez,



Alguns dos escritores participantes no XX Galeuzca.

un dos quince que compuxeron a delegación galega, que entende como mestizaxe un "macrosistema cultural no que ficán subsumidas diferentes culturas, que nace fundamentalmente nas colónias" cun discurso emitido polo poder dominante. Ao seu ver fálase de mestizaxe "cando hai un conflito en desigualdade cun elemento dominante e un ou máis dominados". Procura así a "absorción da minoría, facéndoa asimilarse aos modelos da cultura dominante". Desbota así Bernárdez a aparición igualitaria do termo xa que, segundo expresou na súa intervención, "na mestizaxe sen un elemento corrector, o poderoso tende a ser máis poderoso".

Os participantes no Galeuzca afirmaron tamén que a tradición ten que ser "un elemento funda-

mental para as nosas literaturas minorizadas" e eles propios manifestaron a necesidade de reivindicar as súas literaturas como "elementos coesionadores das nosas nacións". O relator do profesor da Universidade da Coruña, Carlos Paulo Martínez Pereiro versou de maneira especial sobre este tema partindo dunha posición na que non mostrou dúbida do "carácter imprescindible da tradición" nos ámbitos lingüísticos e literarios dos escritores reunidos en Castelló.

En canto ao mundo da edición, que protagonizou unha mesa redonda no Galeuzca, os escritores advertiron que as novas tecnoloxías poden ser elementos que favorezan a igualdade de calidade e custos entre as pequenas e grandes editoriais mentras valoraron que a

rede supón unha nova relación entre autor e editor que favorece a difusión da obra pero afecta tamén ao control da súa reprodución, en especial á xestión dos dereitos de autor. O representante galego, Cesáreo Sánchez Iglesias reclamou a "biodiversidade literaria ante esta literatura única temos que reivindicar as literaturas diversas e plurais, a nosa fortaleza estará en alimentar editorialmente a nosa diferenza. A maior globalización, as editoriais deberán ter un maior enraizamento no humus da nosa cultura e maior capacidade de intercomunicación con outras culturas sen intermediarios". Avogou asimismo para que as editoriais dos tres ámbitos na-

cionais ali reunidos establezan "formas de colaboración que reforcen os nosos papeis diante das multinacionais do sector".

"Reivindicamos tamén o sentido diverso da literatura e a tradución fronte aos perigos da uniformidade. O papel dos escritores diante dun futuro que se augura complexo ten que servir para a consolidación das nosas linguas e literaturas", concluíron os escritores na celebración do XIX Galeuzca no que se celebrou un recital poético nas tres linguas, momento no que se evocou en especial a Uxío Novoneyra, recitando os asistentes a coro a súa "Letanía". ♦

TABELA DAS LETRAS

FICCIÓN

1. **ELA, MALDITA ALMA**
Manuel Rivas. Galaxia
2. **BAILARINA**
Manuel Seixas. Xerais
3. **NO VENTRE DO SILENCIO**
Xosé L. Méndez Ferrín. Xerais
4. **QUE ME QUERES AMOR?**

Manuel Rivas. Galaxia

5. **O MELLOR FRANCÉS DE BARCELONA**
Bieito Igrexas. Galaxia

NON FICCIÓN

1. **BREVE Hª DO NACIONALISMO GALEGO**
Bieito Alonso Fdez. A Nosa Terra

2. **Hª DA LINGUA GALEGA**
Freixeiro M. & A. Gómez. A Nosa Terra

3. **ECONOMIA DE GALICIA**
Albino Prada. Xerais

4. **MARUXA MALLO**
Carme Vidal. A Nosa Terra

5. **A POVOACION GALEGA DO S. XX**
X.M. Beiras & Abel López. Laisovento

Librerías consultadas:

Cantabán (Vigo), Cuneiro (A Coruña), Indice (Ferrol), Michelena (Pontevedra), Pedreira e A Palavra Perduda (Santiago), Santa (Lugo), Targa (Ourense).

A TVG programa un ciclo do cineasta exilado Carlos Velo

Emite *Pedro Páramo* e as comédias mexicanas

A Televisión de Galiza programa durante os xoves do mes de Novembro catro filmes do cineasta exilado Carlos Velo. Despois de iniciar o ciclo con *Toureiro*, o xoves día 11 ofrecerá *Pedro Páramo* para rematar coas estreita televisiva das súas comédias mexicanas *don Xoán 67* e *Cinco de chocolate e un de amorados*.

Coincidindo co noventa aniversario do seu nacemento, o ciclo da TVG programa catro filmes de distinto calado cinematográfico. Unha vez proxeccionada *Toureiro*, considerada unanimemente a mellor recreación do mundo dos touros, este Xoves chegará *Pedro Páramo* as pantallas, o filme no que Velo adapta a novela do seu amigo Juan Rulfo, que asistiu á rodaxe. Pouco comprendida no seu tempo, *Pedro Páramo* converteuse co andar dos anos nun filme de culto para a crítica mexicana, tendo entre outras bondades a fotografía do grande



Carlos Velo na rodaxe de *Pedro Páramo*. mestre do cinema americano Gabriel Figueroa.

Completan o ciclo *don Xoán 67* e *cinco de chocolate e un de amorados* que supoñen a aterraxe de Velo na comedia mexicana e que teñen neste ciclo a súa estreita televisiva. Realizadas nos anos sesenta na súa produción pesou sen dúbida o casamento

do cineasta coa produtora e actriz Anxélica Ortiz. Trátase de dúas comédias que desconcertaron á crítica mexicana que só coñecía ao Velo documentalista pero que emparentan ao noso cineasta coa traxectoria de Luis Buñuel, autor tamén de comédias antes de acadar prestixio con filmes como *Los olvidados* ou *El ángel exterminador*. ♦

Dille Berce ao Inimigo

Un bolo para provincias?

En tempos de vacas fracas, algúns actores xuntábanse en Madrid e preparaban carnavas montaxes para levar a provincias. Coñecíanse como os bolos. Agora, a rede cultural de Madrid continua a enviar os seus bolos culturais mercede ao consentimento de institucións públicas e entidades privadas. Galiza viviu ermos culturais nas que apenas se investían cartos en cultura. A democratización dos concellos e a valoración social dos investimentos nas artes foi solventando esta situación mentras se creaba unha emerxente necesidade de programar distintas actividades. Tratabase antes ben de ofrecer un amplo abano que, ás máis das veces, caían no automatismo cando non lle daban de cheo as costas ao país. Aconteceu coa fotografía que pasou de non ser recoñecida en museos, arquivos ou centros de arte a ter unha posición de privilexio nas actividades culturais das nosas vilas e cidades. A receptividade que esta arte ten entre o público leva a que cada vez sexa máis habitual a presentación expositiva de repertorios de autores e coleccións. Do ermo pásase á reiteración e á programación carente de interese mentras se continua descoñecendo o patrimonio fotográfico propio. Exemplo tómoloo na mostra *Madrid. Laberinto de memorias* que se pode ver na Casa de Cultura Salvador de Madariaga da Coruña. O concello asina unha exposición que chega a provincias coma mestizo do que o centro pensa da periferia. Coleccións de fotografías artellada fóra do país das que nin podemos contemplar os orixinais. Para provincias preparan un sucedáneo con reproducións das fotografías. E as nosas institucións conceden e alugan a prezo de ouro. ♦